

## Para facer o lapiseiro precisarás:


- A ficha do debuxo de Chispa.
- 5 tubos de papel de baño.  
Se non tes, podes empregar dous tubos de papel de cociña cortados en varios anacos.
- Unhas tesoiras e papel.
- Pegamento.
- Pinturas: rotuladores, témperas, ceras... o que prefiras.

**1** Colorea a cabeza e o rabo de Chispa. Lembra que os pés son brancos.


**2** Recorta as distintas formas da ficha.




**3** Colorea os tubos de cartón da cor coa que pintaches a Chispa. Podes usar témperas ou outras pinturas.




**4** Axudándote do pegamento, une os 5 tubos como se amosa na imaxe inferior.



**5** Recorta 5 círculos do tamaño das aberturas dos tubos e pégaos na base, como se fosen tapas.



**6** Pega o resto de elementos que recortaches da ficha de xeito que formen a Chispa.



**7** Coloca os lapis e xa tes o teu lapiseiro de regalo.

